

CONSUMO ENERXÉTICO EN GALICIA

1. Consumo de enerxía final

A seguinte táboa e gráfica recollen a evolución do consumo enerxético en Galicia.


DISTRIBUCIÓN DO CONSUMO GALEGO (ktep)

	2021	2022	2023	2024
Consumo final electricidade	1.451	1.224	1.090	1.145
Calor recuperado nas centrais coxeración	279	213	171	217
<i>Calor coxeración produtos petrolíferos</i>	55	52	17	22
<i>Calor coxeración gas natural</i>	114	83	85	91
<i>Calor centrais residuos non renovables</i>	0	4	0	0
<i>Calor centrais residuos renovables</i>	2	2	1	2
<i>Calor coxeración biomasa e biogás</i>	108	72	69	103
Combustibles convencionais uso térmico	1.377	1.172	1.166	1.246
<i>Produtos petrolíferos e carbón</i>	328	259	311	327
<i>Gas natural</i>	928	705	697	736
<i>Resíduos non renovables</i>	121	208	158	183
Renovables uso térmico	380	431	452	458
<i>Biomasa e biogás</i>	353	392	408	411
<i>Solar térmica</i>	8,7	8,7	8,7	8,5
<i>Xeotermia, aerotermia, hidrotermia (*)</i>	9,5	10,9	11,9	15,2
<i>Outras renovables uso térmico</i>	8,5	19,5	23,2	23,2
Combustibles para transporte (**)	1.950	2.167	2.007	1.734
<i>Produtos petrolíferos</i>	1.841	2.063	1.870	1.607
<i>Gas natural</i>	16	15	15	16
<i>Biocarburantes</i>	93	89	121	111
Consumo Total	5.436	5.206	4.886	4.800

(*) A enerxía térmica xerada coas bombas de calor xeotérmicas, aerotérmicas e hidrotérmicas, corresponde coa cantidade de enerxía renovable das bombas de calor, calculada tendo en conta a eficiencia do sistema de enerxía marcada pola lexislación vixente

(**) Considérase o consumo no transporte, pesca, agricultura, minas e construción


Fonte: Elaboración propia a partir de distintas fontes



Fonte: Elaboración propia a partir de distintas fontes

A partir do ano 2021 modifícanse varias das fontes de datos. Para os datos de biomasa e biogás, utilízase o estudo publicado no ano 2023 polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), con datos das distintas CCAA no ano 2021. Ao valor do ano 2021 súmanse os incrementos anuais segundo a potencia que consta no Rexistro de Instalacións Térmicas (RITE) e nas axudas concedidas polo Inega.

Segundo se pode observar na seguinte gráfica, o maior consumo de enerxía final corresponde aos combustibles para o transporte seguido dos combustibles convencionais para uso térmico.



Fonte: Elaboración propia a partir de distintas fontes

Na seguinte táboa utilízase a metodoloxía da Axencia Internacional da Enerxía (A.I.E.), na que se substitúe a calor obtida nas centrais de coxeración, polo combustible que sería necesario utilizar para xerar esa calor.

DISTRIBUCIÓN DO CONSUMO GALEGO metodoloxía A.I.E (ktep)

	2021	2022	2023	2024
Consumo final electricidade	1.451	1.224	1.090	1.145
Combustibles convencionais uso térmico	1.568	1.329	1.280	1.373
<i>Produtos petrolíferos e carbón</i>	393	320	330	353
<i>Gas natural</i>	1.054	797	792	836
<i>Resíduos non renovables</i>	121	212	158	183
Renovables uso térmico	506	517	532	577
<i>Biomasa, biogás, outras renovables</i>	488	497	511	554
<i>Solar térmica</i>	8,7	8,7	8,7	8,5
<i>Xeotermia, aerotermia, hidrotermia (*)</i>	9,5	10,9	11,9	15,2
Combustibles para transporte (**)	1.950	2.167	2.007	1.734
<i>Produtos petrolíferos</i>	1.841	2.063	1.870	1.607
<i>Gas natural</i>	16	15	15	16
<i>Biocombustibles</i>	93	89	121	111
Consumo Total	5.475	5.237	4.908	4.829

(*) A enerxía térmica xerada coas bombas de calor xeotérmicas, aerotérmicas e hidrotérmicas, corresponde coa cantidade de enerxía renovable das bombas de calor, calculada tendo en conta a eficiencia do sistema de enerxía marcada pola lexislación vixente

(**) Considérase o consumo no transporte, pesca, agricultura, minas e construción

Fonte: Elaboración propia a partir de distintas fontes

2. Distintos usos dos combustibles


Na seguinte táboa pódese observar o consumo de combustibles para xeración eléctrica, xeración térmica, para o transporte e no sector primario.

Consumo de combustibles por usos en Galicia (ktep)

	2021	2022	2023	2024
Xeración electricidade				
Carbón	154	213	176	0
Gas natural	986	1.134	880	612
Produtos petrolíferos	198	193	73	80
Biomasa, biogás, H2, residuos renovables	318	280	338	329
Residuos no renovables	47	54	44	46
Combustibles para electricidade	1.703	1.875	1.512	1.067
Xeración calor				
Carbón	0,0	0,0	0,0	0,0
Gas natural	928	705	697	736
Produtos petrolíferos	328	259	311	327
Biomasa, biogás, H2, residuos renovables	362	411	431	434
Residuos no renovables	121	208	158	183
Combustibles para calor	1.739	1.583	1.598	1.680
Transporte				
Gas natural	15,8	14,7	15,5	16,3
Produtos petrolíferos	1.512	1.712	1.597	1.324
Biocarburantes	93	89	121	111
Combustibles para transporte	1.621	1.816	1.734	1.451
Sector primario				
Produtos petrolíferos	329	351	273	284
Combustibles outros usos	329	351	273	284
Total de combustibles	5.391	5.624	5.117	4.481

Fonte: Elaborado polo Inega a partir de distintas fontes


Cando se incrementa a electricidade procedente de fontes renovables, diminúe o consumo de combustibles para xerar electricidade. A distribución do consumo de combustibles para xeración de electricidade, xeración de calor e transporte, está moi igualada.



Fonte: Elaborado polo Inega a partir de distintas fontes

(*) Considérase o consumo no transporte, pesca, agricultura, minas e construción


En anos anteriores, dentro do consumo de combustibles para xerar electricidade, destacaba sobre todos os demais o carbón debido ás dúas centrais termoeléctricas que se encontraban na provincia de A Coruña. Pero, despois do peche da central de Meirama e da central de carbón de As Pontes, o maior consumo de combustible para xerar electricidade é o gas natural.



Fonte: Elaborado polo Inega a partir de distintas fontes


Pódese apreciar que cada ano consúmese menos combustibles para xerar electricidade, isto é debido a que a maioría da electricidade xérase con fontes renovables e, aínda que a biomasa e biogás son combustibles, a auga, o vento e o sol non se consideran combustibles.

Na seguinte gráfica obsérvase a cantidade de fontes enerxéticas que é necesario consumir para xerar electricidade. É preciso consumir unha grande cantidade de combustibles convencionais para xerar electricidade, mentres que para a xeración de electricidade renovable o consumo de combustibles renovables e de auga, vento e sol é moito menor.



Fonte: Elaborado polo Inega a partir de distintas fontes

O consumo para xeración térmica mantense mais o menos constante, cunha tendencia a aumentar no caso das enerxías renovables e á baixa para os produtos petrolíferos e gas natural.



Fonte: Elaborado polo Inega a partir de distintas fontes